

Resolución Xerencial de 27 de MARZO de 2023 pola que se ditan Instrucións para aclarar o procedemento aplicable aos Proxectos de Investigación Europeos nos que as convocatorias non recollen normas específicas para a liquidación das INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO

#### I. Antecedentes

Nos proxectos europeos de investigación (antes Horizonte 2020 e agora Horizonte Europa), nos proxectos de cooperación territorial (INTERREG) e noutros programas rexidos agora polo novo “Modelo de Acordo de Subvención Xeral” publicado pola Comisión Europea para o período 2021-2027 (por exemplo, LIFE, EDF, ...) non existen normas específicas nas convocatorias que regulen os importes elixibles no que se refire a gastos de viaxe e manutención, senón que se deriva directamente aos “procedementos habituais do beneficiario”.

O artigo 2 punto 9, do Regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, establece “Exclúense da aplicación deste regulamento: a) As axudas de custo e as indemnizacións reguladas por normas específicas doutras administracións públicas, tanto nacionais coma supranacionais, no referido a importes e a xustificacións necesarias, que se rexerán polas súas normas específicas. Inclúense neste apartado, entre outras, todas as actividades financiadas con fondos da UE. b) Todas as indemnizacións con regulamentación específica; neste caso as normas contidas neste regulamento serán de aplicación supletoria.”

O texto refundido do *Regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo*, aprobado no Consello de Goberno de 26 de xuño de 2019, na súa Disposición Final, autoriza ao xerente/a para que dite cantas instrucións considere necesarias para aclarar os termos dos procedementos contidos neste regulamento ou para informatizar e automatizar os procesos necesarios para desenvolveselos.

Así, cómpre aclarar a normativa aplicable aos proxectos sinalados.

#### II. Procedemento a aplicar

As comisión de servizo con dereito a indemnización correspondentes a proxectos europeos de investigación (antes Horizonte 2020 e agora Horizonte Europa), nos proxectos de cooperación territorial (INTERREG) e noutros programas rexidos agora polo novo “Modelo de Acordo de Subvención Xeral” publicado pola Comisión Europea para o período 2021-2027 (por exemplo, LIFE, EDF, ...) **nos que non existan normas específicas** nas convocatorias que regulen os importes elixibles no que se



refire a gastos de viaxe e manutención, senón que se deriva directamente aos “procedementos habituais do beneficiario” rexeranse pola propia normativa da Universidade de Vigo, en particular, o citado texto refundido do *Regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo* en todos os seus artigos.

### III. Derrogación das instrución anteriores

Esta Resolución derroga a Resolución Xerencial de 13 de marzo de 2023

### IV Vixencia

Esta Instrución entra en vigor ao día seguinte da súa sinatura.

A Xerenta

Yolanda Trinidad Lesmes Romero



**CSV : GEN-d12e-3467-06bc-5f22-d418-3348-e889-dab2**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

**FIRMANTE(1) : YOLANDA TRINIDAD LESMES ROMERO | FECHA : 27/03/2023 13:09 | NOTAS : F**